

**Fátima Delgado e Jana Pacheco  
presentarán no Teatro Español e no  
Centro Dramático Galego o seu novo espectáculo  
'Run Baby Run' a vindeira tempada**

**Run Baby Run será un dos pratos fortes da tempada 23-24 do teatro madrileño,  
onde se poderá ver, na Sala Margarita Xirgú, do 22 de febreiro ao 24 de marzo**

**Antes, a estrea absoluta da obra terá lugar no Salón Teatro do Centro Dramático Galego  
en Santiago de Compostela os días 6, 7 e 8 de outubro de 2023**

**Fátima Delgado asina un texto sobre a discriminación de xénero no deporte, unha  
reflexión sobre canto é posible loitar sen traizoar os principios nin a propia identidade**

**Dirixido por Jana Pacheco, o elenco de Run Baby Run conta coas e cos intérpretes  
Alba Loureiro, Camila Bossa, Celina Fernández Ponte e Daniel Méndez**

**Trátase dun espectáculo co-producido polo Teatro Español, o Centro Dramático Galego,  
Meninas Teatro e Proversus, co apoio da Xunta de Galicia e da Comunidad de Madrid**



Cartel de *Run Baby Run*, deseño de Irene Blasco

**Madrid, 22 de xuño de 2023.-** Terías disposición para renunciar a ti mesma/o por cumprir un soño? *Run Baby Run*, escrito por Fátima Delgado e dirixido por Jana Pacheco, xuntas por primeira vez sobre as táboas, aborda a discriminación de xénero dentro do deporte. O espectáculo será unha das propostas máis innovadoras que nos depara a vindeira tempada teatral 2023 - 2024. A súa estrea absoluta terá lugar os días 6, 7 e 8 de outubro en Santiago de Compostela, no Salón Teatro del Centro Dramático Galego. Posteriormente, a peza, que contará tamén cunha xira por diferentes espazos da xeografía española, viaxará ao Teatro Español de Madrid, onde se poderá ver do 22 de febreiro ao 24 de marzo de 2024 na Sala Margarita Xirgú. O elenco de *Run Baby Run* confórmano as e os intérpretes Alba Loureiro, Camila Bossa, Celina Fernández Ponte e Daniel Méndez.

Alba é unha atleta de éxito que loita por conseguir a vitoria e adestra duro para iso. É a favorita ao podio, pero a súa carreira verase truncada por un feito inesperado. A trama de *Run Baby Run* sitúase uns meses antes dos Xogos Olímpicos, momento no que a deportista é apartada da competición oficial. Para Alba, nese momento, derrúbase o seu mundo. Acompañada pola súa inseparable adestradora, verase nunha encrucillada na que loitará por cumprir o seu soño sen renunciar ao seu verdadeiro ser. Para a dramaturga **Fátima Delgado**, "*Run Baby Run* é unha historia de ficción que trata sobre unha atleta profesional que, no mellor momento da súa carreira, é apartada da competición debido a unha acusación inesperada".

"Para escribir esta obra teatral, durante estes últimos anos investiguei sobre varias mulleres deportistas que sufriran discriminación de xénero no ámbito deportivo. Esta situación está totalmente de actualidade, xa que, a menos dun ano dos Xogos Olímpicos de París, algunha delas non sabe se lle permitirán participar. Non é común ver deporte feminino en escena e por iso pareceume necesario penetrarme nel desde unha perspectiva de xénero. Ademais, este tipo de inxustizas afecta maioritariamente ás mulleres e non aos deportistas homes", apunta a artista. E conclúe: "un dos motores que me impulsan a escribir é poder plasmar historias de mulleres que, desde as súas accións, ás veces aparentemente sinxelas, contribuíron a romper estereotipos na nosa sociedade".

En palabras da directora **Jana Pacheco**, "para min, o feminismo é unha clave fundamental de transformación social. E intento que todo o meu traballo, sexa pedagóxico, de mediación ou nas miñas postas en escena, se impregne dese feminismo situado. *Run Baby Run* é unha obra que aposta por visibilizar a situación das mulleres no deporte. Con ela reflexionamos sobre como as mulleres que non teñen un corpo normativo son dobremente discriminadas". E continúa: "*Run Baby Run* é un espectáculo contextualizado no Entroido, o cal fai que podamos investigar toda esa maxia telúrica, toda esa fantasía que vén do entroido, da carnalidade e dun mundo onírico que nos permite levar o realismo máxico a escena, desenvolvendo unha dramaturxia visual a partir de elementos plásticos deseñados cun equipo artístico excepcional".

Jana Pacheco é directora escénica, dramaturga visual, historiadora da arte e feminista. Fátima Delgado é actriz, dramaturga, poeta e feminista. Ambas son profesionais acreditadas das artes escénicas, con máis dunha década de traxectoria ás súas costas, especializadas xenealoxía de mulleres, accesibilidade e educación. A posta en escena de *Run Baby Run* supón a súa primeira colaboración conxunta.

No equipo artístico do proxecto destacan tamén figuras como o deseñador **Pier Paolo Álvaro**, recente gañador do Premio Max 2023 a mellor deseño de vestiario polo espectáculo *Ás oito da tarde, cando morren as nais*, do CDG; **Fernando Epelde**, responsable da música e o espazo sonoro da peza; o escenógrafo **Alessio Meloni**, tamén galardoado este 2023 co Premio Max a mellor deseño de espazo escénico por *La cabeza del dragón*; o iluminador **Juan Gómez Cornejo**, Premio Nacional de Teatro en 2011; ou a coreógrafa **Greta García**, integrante do grupo Irmás Gestring, entre outras. *Run Baby Run* é un espectáculo coproducido polo Teatro Español, o Centro Dramático Galego, Meninas Teatro e Proversus, co apoio da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e da Consejería de Cultura da Comunidad de Madrid.

## SOBRE AS ARTISTAS

### Fátima Delgado

Licenciada en Filoloxía Inglesa, Fátima Delgado conta, ademais, cun máster en Lingüística pola Universidade de Santiago de Compostela e unha ampla traxectoria nas artes escénicas e na poesía. Obtén a Bolsa ETC unipersoal da Cuarta Pared en 2022. En 2019, foi poeta seleccionada na residencia Ámeto Mítico da Fundación Uxío Novoneyra e da Xunta de Galicia. En 2018 obtivo a 'Ayuda para la Creación de las Artes Escénicas' da Comunidad de Madrid para escribir o seu espectáculo *Run Baby Run*.

Fátima comeza a súa formación en interpretación na aula de Teatro da USC en 2005. É cofundadora da compañía de teatro universitario As Fillas de Lilith, coa que adaptou ao galego *As bágoas amargas de Petra Von Kant*, de Fassbinder. No 2007 múdase a Madrid, onde estuda Arte Dramática en diferentes escolas e participa en talleres de creación escénica, interpretación e dramaturxia xunto a personalidades como Lucía Carballal, Pablo Remón, Sergio Blanco, Andrés Lima, Jana Pacheco, Marta Pazos ou Carlos Tuñón, entre outras.

Funda a compañía e produtora Meninas Teatro en 2012 xunto á actriz brasileira Cynthia Pagotto. Escribe e actúa en obras como *Androsex*, estreada na Sala Triángulo de Madrid en 2013; *No sin mi libro* (2015); e *Avón llama a tu puerta* (2016). É actriz noutros moitos espectáculos, como *Maleca* e *En el espejo*, de Víctor Sánchez Alonso (Festa Corral de Cervantes de Madrid).

Na compañía La Méduse, fundada xunto a Tatiana Carel, é co-dramaturga e actriz en *Tsunami* (2018), estreada no Festival Noches del Ramadán; e actriz e asesora dramaturxica nas obras *Servir* (2022), estreada no teatro do Instituto Francés, e *Mi verano en burkini* (2021). En 2016 é finalista coa peza *Tsunami* -xunto a Tatiana Carel- no I Certame Coreográfico Danza en Valores da Asociación Primario, no Museo C.A.V. A Neomudéjar de Madrid.

Fátima ten tres libros de poesía publicados: *Vestida de domingo* (Romania Minor, 2011), *Ninfopoética* (Urutau, 2018) e *Ouveos / Aullidos* (Seda de Biso, 2020). Formou parte do Prostíbulo Poético e actuou en múltiples festivais de poesía, entre eles, o Festival Kerouac de Nova York e México (2022), o Festival Kerouac de Vigo, o V Festival dos Eidos (2019), CulturGal, Búscanse Poetas -do Bowery Poetry Club de Nova York-, Selic (2020) e outros moitos eventos poéticos en Madrid e Galicia. É tamén programadora e presentadora da sección de poesía do SilFest de Valdeorras.

### Jana Pacheco

A directora de escena e dramaturga visual Jana Pacheco é licenciada en Dramaturxia e Dirección de Escena pola RESAD e en Historia da Arte pola Universidad Complutense de Madrid. Cursou o máster de Teatro e Artes Escénicas da UCM e especializouse en Dramaturxias da Imaxe, comisariado artístico e 'site-specific', cursando talleres en Arxentina, Londres, Varsovia e Berlín.

Como directora de escena, Jana estivo detrás de pezas como *La tumba de María Zambrano* e *Rosario de Acuña. Ráfagas de Huracán*, ambas as dúas no Centro Dramático Nacional en 2018; ou *Camille*, no Teatro A Porta Estreita (2014) e noutros teatros de ámbito nacional (ata 2019).

Entre os seus traballos artísticos destacan, entre outros, a dramaturxia para a danza de *Julietas y Romeos*, con LaMov, no Palacio de Congresos de Zaragoza en 2021; *PACTO*, peza de danza de Verónica Garzón e Begoña Quiñones, gañadora do Certamen Coreográfico de Madrid en 2018 e estreada en Teatros del Canal en 2020; a performance inmersiva *Parpadeos*, no Museo Reina Sofía en 2019, dentro do programa 'Malestares Contemporáneos'; a súa participación como dramaturga visual na XVII Bienal de La Habana, dentro do proxecto *Si estuvieras en una isla...*; a dirección artística e comisariado teatral do proxecto *Plantación de la memoria*, froito do programa Imagina Madrid-Intermediae; e o seu traballo como asistente de comisariado de José Luis Raymond na PQ15 Cuadrienal de Praga de 2015.

Como dramaturga, en 2017 é merecedora da bolsa de Creación Teatral da Comunidad de Madrid para a escritura do texto *Remedios Varo. Mujer alquimia* e, en 2018, é beneficiaria da 'Ayuda Dramaturgias Actuales' do INAEM para a escritura do seu texto *Semillas de algodón*. Así mesmo, en 2021, recibe a 'Ayuda a la Creación Literaria' do Ministerio de Cultura por *Pentimenti*.

En 2021 funda a escola El Palomar Itinerante, onde imparte clases de Dramaturxia Visual e comparte proxecto pedagóxico con creadoras escénicas como Marta Pazos, Mariana González Roberts, María Velasco, Guillermo Heras ou Alberto Conejero, entre outras figuras.

#### **CONTACTO DE PRENSA**

*The Office Comunicación*

Lucía Pita e Luisa Castiñeira

Tel. 675 404 321 - 620 113 155

[lucia.pita@theofficeco.es](mailto:lucia.pita@theofficeco.es) - [luisa@theofficeco.es](mailto:luisa@theofficeco.es)

#### **DESCARGA DO PRESS KIT DO ESPECTÁCULO 'RUN BABY RUN'**

*Cartel, notas de prensa, dossier, fotos, audios e outros materiais informativos*

<https://www.dropbox.com/sh/v5p2hz6up7vymtu/AADTc3Wvj4jlyyAnHF-4Tffga?dl=0>

#### **MÁIS INFORMACIÓN**

<http://www.proversus.com/espectaculo-run-baby-run>